- Que segundo consta no documento ..... de data ....., D/Dna..... con DNI: ....., figura como representante legal da entidade, o que lle outorga, a representación legal da entidade para o trámite obxecto da solicitude.
- A instalación obxecto da solicitude de subvención cumpre cos requisitos establecidos no art. 83 da Lei 3/2012, de 3 de abril, do deporte de Galicia.

Vigo, de de 20\_\_

Sinatura do/da representante legal

### **ANEXO.3.-REQUISITOS TÉCNICOS MÍNIMOS DOS PROXECTOS DE CAMBIO DE CÉSPEDE EN CAMPOS DE FÚTBOL.**

#### **1. LEVANTADO PAVIMENTO CÉSPEDE EXISTENTE:**

Levantado de pavimento de céspede existente incluíndo a totalidade de elementos, con aproveitamento da area e do caucho en sacos específicos para a súa reutilización no propio campo. Incluíndo acopio do material, carga e transporte (xestión do material sobrannte contemplado na partida de xestión de entullos e cascallos); parte proporcional de medios auxiliares e medidas de protección colectivas e individuais.

#### **2. REPARACIÓNS SUBBASE E EQUIPAMENTO, DESMONTAXES E MONTAXES**

Reparacións da subbase de aglomerado asfáltico para corrixi-las deficiencias de planeidade existentes do terreo de xogo; desmontaxe de varanda perimetral e dos equipamentos deportivos existentes (porterías, bancos, banderíns, etc) con acopio do material en obra e posterior recolocación dos mesmos incluíndo as reparacións necesarias para solventa-las deficiencias existentes nas porterías (anclaxe de redes, reforzo unións, etc); desmontaxe de canaleta perimetral, revisión da rede de rego e de recollida de auga, limpeza e montaxe incluíndo substitución de parafusos e pequeno material deteriorados. Incluíndo p.p. de medios auxiliares necesarios e medidas de seguridade colectivas e individuais.

#### **3. CÉSPEDE ARTIFICIAL FÚTBOL**

Subministro e instalación de Sistema de céspede artificial de última xeración para campo de fútbol, composto por: base elástica prefabricada en rolos continuos cun espesor mínimo de 10 mm e absorción de impactos mínima do 35%; céspede artificial fabricado mediante sistema TUFTING mixto con combinación de monofilamentos (non se admiten sistemas cun único tipo de fibra monofilamento) de fío polietileno tecido sobre dobre backing especialmente reforzado 100% polipropileno cun peso mínimo de 200 gr/m<sup>2</sup> e unha resistencia ó arranque superior a 30N; altura mínima de filamento 40 mm; Dtex superior a 14.000; puntadas mínimas 8.700 punt/m<sup>2</sup>; peso mínimo da fibra 1.300 gr/m<sup>2</sup>, peso mínimo total 2.250 gr/m<sup>2</sup>, tratamento anti UVA resistente a calor e xeo, lastrada con area de sílice redondeada lavada e seca e caucho de granulometría 0,5/2,5, con aproveitamento do caucho existente no campo que se encuentre en bo estado na proporción necesaria para garanti-lo cumprimento dos parámetros da UNE EN 15330-1 e FIFA QUALITY, incluíndo liñas de marcaxe do terreo de xogo no mesmo material para fútbol 11 (1 terreo de xogo) en branco e para fútbol 7 (2 terros de xogo) en azul, cumprindo as dimensións esixidas na regulamentación da R.F.E.F.; montaxe e colocación con xuntas encoladas con adhesivo de poliuretano bicomponente. Produto testado en laboratorio, cumprindo os criterios FIFA QUALITY con base elástica. Medida a superficie executada. Incluíndo p.p. de medios auxiliares necesarios e medidas de seguridade colectivas e individuais.

#### **4. LETTERING "CONCELLO DE VIGO"**

Subministro e instalación de Lettering "CONCELLO DE VIGO" na banda lateral do terreo de xogo mais próxima á grada de espectadores, cunhas dimensións semellantes a outros instalados noutros campos de fútbol da cidade, executado en cor branca con tiras do mesmo material do céspede artificial novo instalado.

#### **5. XESTIÓN DE ENTULLOS E CASCALLOS**

Xestión da totalidade dos entullos e cascallos xerados en obra (céspede antigo e pequeno material da rede de recollida de auga e do equipamento existente). Inclúe aportación de partes de recepción de material en xestores autorizados.

#### **6. CONTROL NORMA UNE-EN 15330-1:2014**

Determinación dos parámetros de: absorción de impactos (redución de forzas), deformación vertical, rebote vertical da pelota, resistencia rotacional, rodadura da pelota, regularidade da superficie e velocidade de infiltración da auga do sistema de céspede artificial para fútbol instalado e avaliación



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

da súa conformidade cos requisitos da norma UNE-EN 15330-1:2014 "Superficies deportivas. Superficies de herba artificial e punzonadas principalmente deseñadas para uso exterior. Parte 1: especificación para superficies de herba artificial para fútbol, hockey, rugby, tenis e uso multideportivo". Incluindo desprazamentos, execución de probas e redacción de informe por entidade de control homologada par tal fin.

### 7. DIMENSIÓN DO TERREO DE XOGO E DAS BANDAS E FONDOS

Os proxectos que se presenten terán que conqveri-las dimensións esixidas pola normativa da R.F.E.F.

#### ANEXOII.1.- CONTA XUSTIFICATIVA-

Entidade		CIF	
Enderezo		Localidade	C.P.
Telf.		E-Mail	
Subvención concedida polo Concello de Vigo		€	
Importe xustificado	Base Impoñible	€	IVE €

Relación de documentos xustificativos de gasto (No mesmo orden no que se presentan os orixinais):

	CONCEPTO
1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	
11	
12	
13	
14	
15	

TOTAL	Base Impoñible	€	IVE	€
-------	----------------	---	-----	---

D. \_\_\_\_\_ DNI \_\_\_\_\_ representante legal da entidade  
\_\_\_\_\_ CIF: \_\_\_\_\_ certifica que os documentos que se detallan na  
conta xustificativa, cuxo importe ascende á cantidade de \_\_\_\_\_ € de base impoñible e \_\_\_\_\_ € correspondente  
ó IVE dos devanditos documentos, corresponden con gastos vinculados directamente coa actuación subvencionada pola  
Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Vigo, de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Sinatura dixital do/da representante legal

**ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D/Dna.		DNI:	
Repres. legal da Entidade		CIF:	

**DECLARA:**

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que a actuación subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que o custo total da actuación que foi obxecto da subvención foi de .....€
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actuación subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actuacións subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables de acreditar o cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria e para coa Seguridade Social.
- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que esta entidade ten solicitadas, concedidas e/ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Vigo:

SÍ	
NON	

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe concedido	Importe recibido
CONCELLO DE VIGO	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

Vigo, de de 20\_\_





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

Sinatura dixital do/da secretario/a	Conforme dixital do/da representante legal
-------------------------------------	--

### ANEXO III.1.

#### CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACÍONS DE CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO 2024

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado I) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións é financiar os gastos vinculados coa renovación do céspede artificial en campos de fútbol de titularidade privada ubicados no termo municipal de Vigo.

#### **SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 250.000,00€ (Dous centos cincuenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3420.7800011 "Axuda investimentos inst. deportivas".

#### **TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

1. Poderán solicitar e obter a condición destas axudas clubs deportivos, asociacións deportivo-culturais, agrupacións de persoas propietarias e entidades deportivas que teñan, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, desenvolvan proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo vinculados co fútbol, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Institucións e organismos oficiais.
- Os clubs, asociacións ou entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Entidades con ánimo de lucro.
- Entidades educativas.
- Solicitudes cuxos proxectos de substitución da herba artificial non cumpran os criterios mínimos de calidade establecidos no anexo I.3.

4. Condicións dos terreos e as edificacións:

- O terreo no que se executen as obras debe atoparse en solo coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación debe ser compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
- Que non exista contenda ou litixio xudicial en activo por mor da titularidade da propiedade obxecto da actuación.

5. Nas instalacións obxecto das actuacións deberán estar desenvolvéndose proxectos deportivos e estar acollendo competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de competicións consideradas profesionais nin vinculadas a clubs ou equipos profesionais.

6. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

7. Débedas coas Administracións Públicas: As entidades solicitantes acharanse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presentala solicitud de subvención, autoriza á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo ós departamentos administrativos responsables, aínda que de non ser posible esta comprobación a comisión poderá esixir ás solicitantes a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

#### **CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

#### **QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

#### **SEXTA.- BASES REGULADORAS.**

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

#### **SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

A comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera oportuno.

#### **OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de novembro de 2024 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

### **NOVENA.- PAGAMENTO.**

Ata o 50% do importe total da subvención proposta para cada entidade beneficiaria, proporcionalmente para cada unha delas e co límite do importe máximo dispoñible na aplicación orzamentaria, será abonado ás beneficiarias que o soliciten mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación das subvencións, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases dos proxectos.

O resto do importe abonarase ás entidades beneficiarias logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

### **ANEXO III.3.**

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data ..... (completar unha vez aprobado) de 2024, polo que se aproba a convocatoria de subvencións orientadas á mellora das instalacións de campos de fútbol da cidade de Vigo

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

### **PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

O obxecto das subvencións é financiar os gastos vinculados coa renovación do céspede artificial en campos de fútbol de titularidade privada ubicados no termo municipal de Vigo.

### **SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 250.000,00€ (Dous centos cincuenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3420.7800011 “Axuda investimentos inst. deportivas”.

### **TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.**

1. Poderán solicitar e obter a condición destas axudas clubs deportivos, asociacións deportivo-culturais, agrupacións de persoas propietarias e entidades deportivas que teñan, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, desenvolvan proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo vinculados co fútbol, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

### **CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

### **QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

#### **SEXTA.- BASES REGULADORAS.**

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

#### **SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de novembro de 2024 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

#### **7(432).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE PNEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 16269/445.**

Visto o informe xurídico do 03/06/2024 e o informe de fiscalización do 04/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/05/2024, asinado pola técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

##### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

I.- A Xunta de Goberno Local , na sesión ordinaria do 22 de abril do 2021, acordou Adxudicar a mercantil CONTITRADE ESPAÑA S.A. o procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445). Dito contrato foi formalizado en data 19.05.2021, contemplando un prazo de duración de dous anos e a posibilidade dunha única prórroga dun ano de duración.

II.- En data 8 de maio de 2023, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a prórroga do contrato do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445), por prazo dun ano, en favor da empresa CONTITRADE ESPAÑA S.A. O referido contrato atópase actualmente en vigor, rematando o vindeiro 19 de maio do 2024, motivo polo cal resulta necesario proceder á preparación da contratación do novo subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo

III.- O subministro de pneumáticos conleva a prestación doutros servizos vinculados directamente e complementarios destes, tales como o montaxe e desmontaxe de pneumáticos, reparación dos pneumáticos, equilibrado ou aliñación de dirección, entre outros, garantindo do mesmo xeito un mellor funcionamento e seguridade, e unha importante repercusión na vida útil dos pneumáticos. Os servizos descríbense detalladamente no prego de prescricións técnicas.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

IV.- En data 21 de febreiro de 2024 emítase informe de necesidade e idoneidade asinado pola técnica de xestión, polo enxeñeiro de camiños, canais e portos e polo xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas, tal e como establece o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE (LCSP).

V.- Ao abeiro do devandito informe de necesidade e idoneidade, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 e 9 de xullo de 2018 e Acordo da Xunta de Goberno Local, de 19 de xuño de 2015), acordou o inicio da contratación mediante Decreto de data 20 de maio de 2020.

VI.- No expediente inclúese a seguinte documentación:

- a).- Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado pola técnica de xestión, polo enxeñeiro de camiños, canais e portos e polo xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas.
- b).- Decreto do Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 22 de febreiro de 2024 acordando o inicio do expediente de contratación.
- c).- Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 28 de febreiro de 2024.
- d).- Memoria económica asinada pola técnica de xestión e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 1 de marzo de 2024.
- e).- Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable municipal en data 7 de marzo de 2024.
- f).- Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do artigo 116.4.e) LCSP asinada pola técnica de xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, polo xefe da área de Servizos Xerais e conformada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos en datas 24 e 25 de abril de 2024.
- g).- Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 25 de abril de 2024.
- h).- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30 de maio de 2024.

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

**Terceiro.-** De conformidade co artigo 116 da LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a súa non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP), así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 21 LCSP.

**Quinto.-** Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello.

**Sexto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición adicional 2ª. 4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do **SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE NEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO**, cun orzamento base de licitación de **CENTO CATORCE MIL SEISCENTOS TRINTA E UN EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (114.631,34 €)**, IVE engadido, segundo a seguinte distribución de anualidades:

Anualidade	con IVE	sen IVE	IVE
2024	17.500,00 €	14.462,81 €	3.037,19 €
2025	57.315,67 €	47.368,32 €	9.947,35 €
2026	39.815,67 €	32.905,51 €	6.910,16 €
<b>Total</b>	<b>114.631,34 €</b>	<b>94.736,64 €</b>	<b>19.894,70 €</b>

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 28 de febreiro de 2024.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 30 de maio de 2024.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto con cargo a aplicación orzamentaria 9202 2211100 (Repostos elementos de Transporte) do vixente orzamento 2024, por importe de 17.500 €, e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2025 e 2026, na aplicación orzamentaria 9202 2211100, crédito por importe de 57.315,67 € e 39.815,67 € respectivamente.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(433).- PRÓRROGA DO CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DE DETERMINADOS CONTRATOS DE SEGUROS, DIVIDIDO EN LOTES, LOTE 8 “SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES”, DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP. EXPTE. 1210/214.**

Visto o informe xurídico de data 30/05/2024 e o informe de fiscalización do 03/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/05/2024, asinado polo xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

#### **ANTECEDENTES**

I.- A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno do 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, conforme á redacción dada á mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local. A Central de Contratación da FEMP réxese polo disposto nos artigos 227 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de

novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de febreiro do 2022, acordou:

PRIMEIRO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministracións que oferte, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre a dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigacións das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Remitir o presente acordo á FEMP para os efectos oportunos.

III.- A Xunta de Goberno Local, en data 4 de marzo de 2022, acordou adherirse ao Convenio marco de mediación de riscos e seguros da central de contratación da FEMP, formalizándose o contrato baseado o 3 de marzo de 2020 con Willis Iberia.

IV.- A FEMP, a través da súa Central de Contratación licitou o Acordo Marco para a contratación de determinados contratos de seguros, dividido en lotes, sendo o lote 8 relativo a “Seguro colectivo de accidentes” .

O citado lote 8 do acordo marco foi adxudicado a AIG EUROPE, S.A, SUCURSAL EN ESPAÑA e a MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021, e formalizouse en documento administrativo o 12 de marzo do mesmo ano, comenzando a súa execución ao día seguinte, e atopándose o mesmo en vigor ata o vindeiro 12 de setembro do 2024. Ten un prazo de duración de dous anos e prevé dúas prórroga dun ano de duración cada unha, se ben se prevé que a duración da última prórroga anual poderá ser reducida por acordo entre ambas partes ata un máximo de seis meses.

V.- Mediante resolución de 26 de maio de 2022, o Concelleiro delegado de Cultura e Emprego, acordou o inicio dun expediente de contratación, á vista do Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e propón a adhesión ao citado acordo marco da Central de Contratación da FEMP.

VI.- En data 26 de maio de 2023, procedeuse a enviar documento de invitación ás empresas adxudicatarias do lote 8 a través de la plataforma informática da Central de Contratación da FEMP.

Recibidas as ofertas o 12 de xuño de 2023, dentro do prazo conferido ao efecto, procedeuse a súa valoración pola empresa adxudicataria do contrato baseado de mediación de riscos e seguros, Willis Iberia, conforme aos criterios de adxudicación e a súa ponderación establecidos na cláusula 21.2 do PCAP. O informe de valoración presentouse a través do Rexistro Xeral do Concello o día 15 de xuño e foi anexado ao xestor de expedientes no trámite 30. Á vista do mesmo, o licitador que obtén a maior puntuación é MARKEL INSURANCE.

VII.- Constan no expediente os documentos contables de retención de crédito, de data 23 de febreiro DE 2023:

➤ RC nº 202300016700





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

➤ RCFUT1 nº202300016701

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas require a previa tramitación dun expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade del contrato.

Se ben a iniciación do expediente de contratación correspóndelle ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o caso de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP), delegouse nos concelleiros de Área por acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019.

O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato (artigo 116.3 da LCSP).

No mesmo xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP) e a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f). Así mesmo, consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Constan no expediente os certificados de existencia de crédito de data 23 de febreiro de 2022.

-II-

Do acordo marco

O artigo 218 da LCSP regula sistemas para a racionalización da contratación das administracións públicas, entre os que se atopan os acordos marco.

Mediante os acordos marcos, un ou varios órganos de contratación subscriben, cunha ou varias empresas, as condicións a que se deberán axustar os contratos que pretendan adxudicar durante un período determinado, que non poderá exceder dos catro anos (artigo 219.1 e 2 da LCSP).

Tal e como se indicou nos antecedentes, esta Administración adheriuse á central de contratación da FEMP, a cal subscribiu un acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros. O lote 8 relativo ao seguro colectivo de danos foi adxudicado a AIG EUROPE, S.A, SUCURSAL EN ESPAÑA e a MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021. Este acordo formalizouse o 12 de marzo do mesmo ano, e comezou a súa execución ao día seguinte. Ten un prazo de duración de 2 anos e prevé dúas prórrogas dun ano de duración, e o mesmo se atopa en vigor ata o vindeiro 12 de setembro do 2024.

A lei esixe os seguintes requisitos para a adxudicación do contrato baseado nun acordo marco:

1. A vixencia do acordo marco (artigo 219.3 da LCSP). Para fixar a data relevante para o cumprimento deste requisito a lei distingue dous supostos, que sexa necesario realizar unha licitación para a adxudicación do contrato baseado, ou que non sexa necesaria, como no suposto que nos ocupa. En este segundo caso a data relevante será a da adxudicación do contrato baseado. Do dito despréndese que o acordo marco para a contratación de determinados contratos de seguros da FEMP na actualidade está vixente.

2. Só se poderán subscribir contratos baseados nun acordo marco entre as empresas e os órganos de contratación que fosen orixinariamente partes nel, salvo no caso de que se trate de acordos marco realizados por centrais de contratación (artigo 221.1 en relación co artigo 227.4 da LCSP). Neste caso, poderanse subscribir contratos baseados entre as empresas e entes do sector público parte do acordo marco, así como por outros entes do sector público, sempre que os ditos entes, entidades ou organismos se identificasen no prego regulador do acordo marco, e se fixese constar esta circunstancia na convocatoria de licitación, como acontece no presente caso.
3. A remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, no caso de que se trate de contratos suxeitos a regulación harmonizada, no prazo de trinta días desde a súa formalización (artigo 220.2 da LCSP).
4. A súa publicación no perfil de contratante do órgano de contratación (artigo 220.2 da LCSP).

Tal e como determina o artigo 36.3 da LCSP os contratos baseados nun acordo marco se perfeccionan coa súa adxudicación.

-III-

### COMPETENCIA

A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

É preceptivo, con carácter previo á aprobación do expediente de contratación, o informe da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), e a fiscalización previa.

### ACORDO

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

*Primeiro.- Aprobar a prorroga do contrato baseado no Acordo Marco de mediación de seguros privados da Central de Contratación da FEMP, lote 8 seguro colectivo de accidentes, adxudicado pola Central de Contratación da FEMP a MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA o 11 de febreiro de 2021.*

*Segundo.- Autorizar o gasto por importe total 2.150 €, non contemplándose importe algún correspondente ao IVE. O tratarse dun contrato de seguros, a prestación obxeto da mesma, atópase exento do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), en base o establecido no artigo 20.UNO.16ª da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto Sobre o Valor Engadido, atópándose suxeita o Imposto sobre Primas de Seguro, a tenor do disposto no artigo 12.DOS da Lei 13/1996, de 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Orde Social.*

*Terceiro.- O contrato baseado iniciarase en data 7 de xulio de 2024, por un prazo de un ano.*

*Cuarto.- Imputarase á aplicación orzamentaria dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo 1350/ 2240000 "SEGURO PARA VOLUNTARIOS/AS" e con cargo á bolsa de vinculación, , e coa distribución en anualidades seguinte:*

Anualidades	Importe con IVE
-------------	-----------------



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

2024	2.150,00 €
------	------------

*Quinto.- Nomease responsable do contrato baseado o Xefe da Área de Seguridade Antonio Vivero Mijares.*

*Sexto.- Ordenar a súa publicación no perfil do contratante, e a remisión do correspondente anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, por tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada.”*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(434).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS “VIGO UN MAR DE BANDAS”, “VIGO BANDAS NOS TORREIROS”, E “AULAS DE MÚSICA”.EXPTE. 5555/330.**

Visto o informe xurídico de data 16/05/2024 e o informe de fiscalización do 05/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/05/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal 1 de maio do 2024, a “Federación de Bandas de Música Populares de Vigo” presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música” con cargo ao orzamento do exercicio 2024 ; por este motivo, con data 3 de maio do 2024, o concelleiro-delegado de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 233.200 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.10 do orzamento municipal vixente.

### **ANTECEDENTES.-**

A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación contínua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.

Este ano continúaase co programa “Vigo, bandas nos torreiros” que se desenvolveu por primeira vez no ano 2023, programa especial de 18 actuacións das bandas de música de suma

importancia tanto para a difusión e potenciación da cultura musical galega e doutra índole a través da formación dunha banda de música e tamén para o desenvolvemento e potenciación da actividade musical na propia banca que implica as seguintes diferencias co ciclo do “Programa Vigo un Mar de Bandas”: Unha maior duración das actuacións, actuacións estáticas como en movemento, maior extensión do repertorio, diversidade do espectáculo e actuacións se farán nos torreiros dos diferentes barrios da cidade.

Dende o ano 2001-2002, a citada entidade vén desenvolvendo o programa “**Aulas de música nas bandas**” cuxo propósito é o de ofrecer unha formación musical á cidadanía. A través deste programa trátase de fomentar o hábito e o estudo da música de banda, a aprendizaxe da linguaxe musical, o manexo de instrumentos musicais e a práctica dentro dunha colectividade, estando destinado ó público en xeral, sen límite de idade.

A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 233.200 € (douscentos trinta e tres mil douscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 233.200 €

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o día 11.05.2024 (doc. 240142365)

#### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Federación de Bandas de Música Populares de Vigo” para o desenvolvemento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música” con cargo ao orzamento do exercicio 2024, obxecto deste convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Federación de Bandas de Música Populares de Vigo” para o desenvolvemento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música” con cargo ao orzamento do exercicio 2024, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Federación de Bandas de Música Populares de Vigo deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Bandas de Música Populares de Vigo” ten como obxecto financiar o desenvolvemento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “

Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música”, figurando na aplicación **3340.480.00.10** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 233.200 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación de Bandas de Música Populares de Vigo” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

**Considerarase como gasto subvencionable o gasto que se xustifique coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.**

#### **CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN**

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte:

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 233.200 € (DOUSCENTOS TRINTA E TRES MIL DOUSCENTOS EUROS ) á Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, CIF. G-36855906, para o financiamento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.10 “O FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO. MAR DE BANDAS”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Federación de Bandas Populares de Música de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “Vigo un Mar de Bandas”, “Vigo, Bandas nos Torreiros” e “Aulas de Música” no exercicio 2024.”*

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

### PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, PARA O FINANCIAMENTO DOS PROGRAMAS “VIGO, UN MAR DE BANDAS”, “VIGO, BANDAS NOS TORREIROS” E “AULAS DE MÚSICA” 2024

En Vigo, na data da sinatura dixital

#### REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da Alcaldía do 19 de xuño e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas do 20 de xuño do 2023.

Doutra, D. Enrique Lorenzo Vila, na súa condición de presidente da Federación de Bandas de Música Populares de Vigo (CIF: G-36855906) (en adiante a ASOCIACIÓN), inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 857-03, con enderezo social na rúa Canteiros, 53, CP 36213 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita ASOCIACIÓN, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

#### MANIFESTAN

*I.- Que a **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO** é unha entidade sen ánimo de lucro que aglutina todas e cada unhas das bandas de música populares da cidade de Vigo e que leva desenvolvendo, dende o ano 1990, unha importante labor de difusión e potenciación da súa actividade polos distintos barrios da cidade. Os principais obxectivos destas actividades son, por un lado, a formación continua dos integrantes das bandas de música e, por outro, achegar unha oferta musical de maior calidade aos cidadáns, potenciando a creación de novos públicos.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO**, en concreto nos programas “Vigo, un mar de bandas”, “Vigo, Bandas nos torreiros” e “Aulas de Música”, como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.10, como subvención nominativa, a favor da **FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO**, a cantidade de 233.200 euros.*

*IV.- Que a **FEDERACIÓN DE BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO** non está incurso*

*en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

*V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.*

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de actividades que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio, concretamente os programas “Vigo, un mar de bandas”, “Vigo, bandas nos torreiros” e “Aulas de Música” 2024

### **SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO**

A memoria económica que se achega a este convenio, achegada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 233.200 € (douscentos trinta e tres mil douscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 233.200 €

### **TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA**

#### PROGRAMA “Vigo, un mar de bandas”

- As actuacións desenvolveranse, segundo o programa que se achega a este expediente, entre o 16 de decembro do 2023 e o 10 de novembro do 2024.
- O número total de actuacións será de 99 (noventa e nove)
- As actuacións irán destinadas ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren. A organización do calendario de actuacións previstas neste programa corresponderalle á ASOCIACIÓN, en coordinación co CONCELLO.
- Con carácter xeral, quedan excluídas deste convenio aquelas actuacións en festas e romarías patronais.

#### **PROGRAMA Vigo Bandas nos Torreiros 2024**

É un programa especial de 18 actuacións das bandas de música, que se desenvolverán segundo detalle da memoria que se achega a este expediente, entre os días 4 de febreiro e o 6 de





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

outubro do 2024 , que implica as seguintes diferencias co ciclo do Programa Vigo un Mar de Bandas:

- Unha maior duración da actuación, chegando a ter un mínimo de duración de tres horas.
- Realización de actuacións estáticas como en movemento.
- Maior extensión do repertorio
- Diversidade do espectáculo.
- As actuacións serán en barrios da cidade, en espazos amplos como ser os torreiros.

### **PROGRAMA “Aulas de Música”**

- Desenvolverase de xaneiro a xuño do 2024, nas sedes das bandas de música populares de Vigo que forman parte da ASOCIACIÓN.
- As actividades están destinadas ao público en xeral, polo que o acceso será público e gratuíto.
- O límite de alumnado estará determinado polo número de prazas dispoñíbeis nos cursos ou grupos programados.
- Realizaranse, ademais, intercambios entre os centros ou entidades culturais participantes no programa, co obxecto de potenciar a Rede de Escolas de Música.
- Ao final do curso, entregaranse diplomas acreditativos de participación e paso pola Rede de Escolas de Música.
- Poderá existir tamén a distinción de alumnado destacado a través do outorgamento de becas para ampliar os seus estudos.

### **CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Enrique Lorenzo Vila, presidente da asociación.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa. Neste sentido a entidade presenta póliza do seguro de responsabilidade civil que atendería calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento así como recibo de pagamento da mesma.

#### **QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

- a) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- b) Xestionar o pagamento do importe da subvención (233.200 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

#### **SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA**

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA**

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

#### Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras

linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

#### **OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

Estipúlense dous pagamentos segundo o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento no mes de agosto, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado ata o 31 de xullo e polo importe total correspondente ao programa de formación continua para músicos “Aulas de música”.
- b) Un segundo pagamento no mes de outubro, que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ao número de actuacións que se teñan realizado no período comprendido entre o 1 de agosto e o 30 de setembro.
- c) Un terceiro e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente ás actuacións realizadas no período comprendido entre o 1 de outubro ata o 10 de novembro do 2024. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 10 de novembro do 2024.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

### Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2024
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  3. Memoria de prensa.
  4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

### Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados desde o 15 de novembro do ano 2023 ao 10 de novembro do 2024, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor ( máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

#### Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

#### **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada,



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

### **DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA**

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2024, e non será prorrogable.

### **DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS**

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

#### **DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS**

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.

b) O acordo unánime de todos os asinantes.

c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

#### **DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

### ORZAMENTO 2024 E IMPORTES POR ACTUACIÓN DAS BANDAS

CONCEPTO de GASTOS	ORZAMENTO
99 Actuacións "Vigo, un mar de bandas"	128.920 €
18 Actuacións "Vigo, bandas nos torreiros"	34.200 €
AULAS DE MÚSICA NAS BANDAS	54.000 €
Produción + Publicidade + Programas	16.080 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>233.200 €</b>

  

CONCEPTO de INGRESOS	ORZAMENTO
Subvención CONCELLO DE VIGO	233.200 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>233.200 €</b>

Así mesmo, propónse as seguintes contías por actuación de cada unha das bandas de música pertencentes á FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO, segundo a actividade:

Banda de Música	Vigo, un mar de bandas	Vigo, bandas nos torreiros
Unión Musical de Valladares	1.400 €	2.700 €
Escola de Música de Beade	1.400 €	2.000 €
Agr. Musical Atlántida de Matamá	1.360 €	2.000 €
Unión Musical de Coruxo	1.360 €	1.800 €
Lira de San Miguel de Oia	1.360 €	1.800 €
UVCD de Candeán	1.270 €	1.800 €
Unión Musical de Cabral	1.270 €	1.800 €
Delicias do CCR de Cabral	1.150 €	1.600 €
Ateneo Musical de Bembrive	1.150 €	1.600 €

ANEXO I

CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN  
BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO  
PROGRAMA “ VIGO, UN MAR DE BANDAS 2024”

D/Dña.....  
en representación da entidade .....  
CIF ....., con domicilio social en .....  
.....  
de VIGO, teléfono/s de contacto.....  
correo electrónico .....

**EXPÓN:**

1. Que a banda popular de música..... realizou o concerto programado pola Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día ..... de ..... do 2024, en.....
2. Que a banda presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.
- 3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de .....

**OBSERVACIÓNS:**.....

.....

VIGO, ..... de ..... do 2024

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asinado:



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1693/1102

**ANEXO II**

**CERTIFICACIÓN DE ACTUACIÓN  
BANDAS POPULARES DE MÚSICA DE VIGO  
PROGRAMA “ VIGO, BANDAS NOS TORREIROS 2024”**

D/Dna.....  
 en representación da entidade .....  
 CIF ....., con domicilio social en .....  
 .....  
 de VIGO, teléfono/s de contacto.....  
 correo electrónico .....

**EXPÓN:**

1. Que a banda popular de música..... realizou o concerto programado pola Federación de Bandas Populares de Música de Vigo, en colaboración coa Concellería da Área de Cultura, na citada entidade, o día ..... de ..... do 2024, en.....

2. Que a banda presentouse no recinto de actuación á hora indicada e realizou o concerto con total normalidade.

3.-Que o número de público asistente ao concerto foi de .....

**OBSERVACIÓNS:**.....

.....

VIGO, ..... de ..... do 2024

O/A REPRESENTANTE DA ENTIDADE

SELO DA ENTIDADE

Asinado:

**10(435).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á FAVOR DA ASOCIACIÓN AMIGOS DA HISTORIA DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA BRINCADEIRA 2024. EXPTE. 8636/104.**

Visto o informe xurídico de data 24/04/2024 e o informe de fiscalización do 05/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/04/2024, asinado pola técnica de actividades turísticas e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Festa da Brincadeira, na Vila de Bouzas, tratáse dunha festa de gran arraigo na cidade que persigue como principais fins:

- Dar a coñecer a historia da cidade de Vigo
- Fomentar a participación da cidadanía dunha forma lúdica
- Dinamizar cultural e socioeconomicamente a Vila de Bouzas

Este programa estase a desenvolver pola Asociación Amigos de la Historia de Bouzas (CIF G-27.851.070), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, *“os bens culturais (feitos históricos) da vila de Bouzas, transformándolos en festas gastronómicas e artesanais”*.

A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

A Asociación Amigos de la Historia de Bouzas está en condicións de organizar a Festa da Brincadeira 2024, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición se desenvolverá os días 10, 11 e 12 de maio de 2024, coa instalación de postos de artesanía e gastronomía na plaza da Vila de Bouzas.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar, difundir e apoiar o folclore entre toda a cidadanía, especialmente nos distintos barrios do termo municipal, achegando as tradicións e as culturas doutros países e do resto de comunidades autónomas.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación da concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da LG 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

O obxecto deste convenio é fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito lúdico, sociocultural e veciñal, fomentando acontecementos que promovan valores culturais, sociais e históricos.

Dende o ano 2012 se veñe organizando a Festa da Brincadeira, sendo en 2019 cando pasa a ser competencia da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas. O Concello de Vigo e a Asociación Amigos de la Historia de Bouzas asinan este convenio de colaboración á vista dos resultados moi satisfactorios acadados nas edicións anteriores. Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da LG 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Asociación cultural Interfolc no vixente orzamento. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.480.0004, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, por importe de 15.000,00 € (quinze mil euros), a favor da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas para coaduxar aos gastos do desenvolvemento do programa da Festa de Brincadeira 2024.

Este convenio, de carácter anual, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargarse da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma (contratación dos grupos folclóricos, seguros de responsabilidade civil e de accidentes, etc...) e que, segundo a proposta de Programa e de Presuposto presentado (que figura como anexo do convenio), ascenden a 35.649,15 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica de 15.000,00 euros, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultado a concelleira delegada da Área

de Política Social e Turismo, ao amparo da Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira delegada de Turismo e Xuventude e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

#### **PROPOSTA:**

"1º.- Que se aprrobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación Amigos de la Historia de Bouzas CIF G-27.851.070, para a organización da Festa de Brincadeira 2024.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 15.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas con cargo á aplicación presupostaria 3380.480.0004 (Convenio Brincadeira de Bouzas) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio económico.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA BRINCADEIRA 2024.**

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, dona YOLANDA AGUIAR CASTRO, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL E TURISMO do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, virtude da Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020).

Doutra, dona VANESA DOMÍNGUEZ TERLEIRO con D.N.I. 53.193.829-G, como presidenta da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas de Vigo, C.I.F. G-27.851.070 e enderezo social na plaza Vila de Bouzas, nº 2 Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 9704/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

### MANIFESTAN

**Primeiro.-** Que é o obxectivo deste Concello prestar axuda á Asociación para contribuír a acadar os obxectivos que lle son propios no tocante ao fomento da participación activa da cidadanía e a celebración e conservación de eventos lúdicos xurdidos da iniciativa popular, que poidan ser considerados de interese social e económico para a cidade, e en consecuencia:

- Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora do seu contorno, ca consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social do municipio.
- Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito lúdico, sociocultural e veciñal
- Fomentar acontecementos que promovan a manifestación de valores culturais, sociais e de espazos para a convivencia lúdica e de recreación na tradición popular entre a cidadanía, con especial consideración ás súas características etnolóxicas e de especial atractivo comercial e turístico.
- Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.
- A promoción da revitalización da cidade e en particular do Barrio Histórico de Bouzas, e polo tanto impulsar actuacións que permitan un maior desenvolvemento económico da zona, incluído o sector do Comercio.

**Segundo.-** A Festa da Brincadeira comenzo a celebrarse no ano 2012 e rememora o importante papel que tivo Bouzas na expulsión das tropas francesas polo ano 1809. No ano 2019 é rexistrada e pasa a organizarse pola Asociación Amigos de la Historia de Bouzas. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

**Terceiro.-** A Asociación Amigos de la Historia de Bouzas (G27851070), inscrita no Rexistro Municipal de asociacións co núm. 1362 en colaboración co Concello de Vigo, ven organizando desde o ano 2012 a Festa de Brincadeira, na vila de Bouzas, con gran éxito organizativo e aceptación entre a cidadanía e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación, estando en condicións de organizar a presente edición, conforme ao presuposto de ingresos e gastos recollidos no expediente deste convenio.

**Cuarto.-** A exclusividade do programa considérase acreditado na Memoria presentada pola entidade e que atópase recollida no expediente deste convenio.

**Quinto.-** O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.4800004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00 € (quinze mil euros), a favor da Asociación Amigos de la Historia de Bouzas para a organización da Festa de Brincadeira 2024. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dunha festa de gran arraigo na cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida entidade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

O custo económico adicional que soporten os distintos servizos municipais, non cuantificados na execución deste evento (auga, limpeza, subministro eléctrico, P. Civil, Policía Local, etc.) son gastos que están cubertos nos contratos vixentes con cargo aos respectivos créditos do presuposto xeral do Concello, así como a non suxeición á taxas da ocupación demanial pola súa consideración de especial interese ou utilidade municipal conforme ao establecido na ordenanza fiscal nº 30 deste Concello.

**Sexto.-** Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización da citada festa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e con fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración.

**Sétimo.-** O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**Oitavo.-** O réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá aos previstos nos artigos 22.2 e 28.1 e concordantes da lei 38/2003 e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro.

**Noveno.-** O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

**Décimo.-** A Asociación amigos de la Historia de Bouzas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 9704/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a Festa da Brincadeira da Asociación de Amigos de la Historia de Bouzas, entre os días 10, 11 e 12 de maio de 2024, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes,

## PACTOS

### Primeiro.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración entre as entidades asinantes en orde á organización conxunta da Festa da Brincadeira 2024, a celebrar os días 10, 11 e 12 de maio na praza da Vila de Bouzas, e que persigue como principais fins:

- Dar a coñecer a historia da cidade de Vigo
- Fomentar a participación da cidadanía dunha forma lúdica
- Dinamizar cultural e socioeconómicamente a vila de Bouzas





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

### **Segundo.- Presuposto e Financiamento**

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gasto e ingresos do programa obxecto do convenio por un importe total de 35.649,15€, financiándose estes mediante as achegas de 15.000 € do Concello de Vigo,

### **Terceiro.- Proxecto da Festa da Brincadeira da Vila de Bouzas**

Establécese o programa de actuacións conforme ao proxecto presentado pola Asociación asinante, núm.- 230070798, de data 22 de marzo de 2024, que contempla a celebración de distintas actuacións lúdicas e culturais, acompañadas da instalación de diferentes postos de produtos gastronómicos e artesáns coincidentes coa finalidade do evento.

### **Cuarto.- Obrigas da asociación. Mecanismos de Asistencia Técnica**

A Asociación asinante comprométese a colaborar co Concello de Vigo en canto á organización da Festa da Brincadeira 2024, que terá lugar na plaza da Vila de Bouzas os días 10, 11 e 12 de maio de 2024, conforme ao programa que se achega ao expediente, e concretamente a:

1º- Asumir toda responsabilidade concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente. Todas as actividades serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola Asociación que actuará como interlocutor final ante á Concellería. A tal fin a Asociación designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.

2º- Asumir todos os gastos e xestionar os pertinentes pagamentos que se deriven da programación, realización e execución do programa e deste convenio, incluídos os referentes aos dereitos de autor.

3º- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º- Obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización dos espectáculos incluídos neste convenio. Así mesmo, presentar a declaración responsable á que fai referencia a disposición adicional cuarta da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e competitividade de Galicia, relativa a festas e verbenas populares organizadas por agrupacións, asociacións de veciños/as ou por comisións de festas: *“As festas e verbenas populares organizadas por agrupacións, asociacións de veciños/as ou por comisións de festas requirirán a presentación dunha declaración responsable dirixida ao Concello e formulada polos representantes da agrupación, asociación ou comisión na que se relate o programa das actividades a realizar e as súas características. A declaración terá que acompañarse do compromiso de contratación dun seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia ou documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo. Se as actividades contemplan a montaxe de instalacións suxeitas a declaración*

*responsable ou a licenza á que se refiren os artigos 40 e 42, esta será presentada ou solicitada pola persoa titular da instalación”*

5º- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º- Editar e distribuír o material gráfico divulgativo do programa. En todos os casos deberá achegar un mínimo de 20 exemplares ao Concello dez días antes do comezo do evento; este material terá que ser supervisado antes da súa edición polo persoal técnico do Servizo de Festas e terá que incluír o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa.

7º- Coordinar co Servizo de Festas do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas no obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

8º- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados da realización das actividades incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación.

9º- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento das actuacións comprendidas no convenio, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil nº 0962400005557 con Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros, SA que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entrega ao CONCELO copia da póliza, que consta no expediente.

10º- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo.

11º- Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

12º- En relación aos postos do mercado tradicional, a Asociación velará polo cumprimento da normativa de venda ambulante, das condicións hixiénicas sanitarias e da montaxe e posta en funcionamento das instalacións desmontable e atraccións recreativas, promovendo a tal fin unhas bases de participación e instalación dos postos, baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación; presentando a tal fin, e previo ao inicio da actividade, as respectivas declaracións responsables asinadas polos titulares dos postos conforme cumpren coas condicións de venda ambulante e hixiénico sanitarias.

A tal fin, os produtos e utensilios que se expoñan en cada posto respectarán as normas sobre hixiene, seguridade e demais suposicións impostas pola lexislación vixente. Igualmente, asegurarse de que os postos que expendan bebidas alcohólicas expoñan en lugar perfectamente visible para o público a prohibición de venda de bebidas alcohólicas a menores de idade, en cumprimento da lei de Galicia 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas a menores de idade.

13º- Limpeza do espazo e contorna onde se desenvolve o mercado.

14º- Contratar os traballos de instalación eléctrica, obtención dos boletíns de industria e tramitación dos contratos de subministración eléctrica.

15º- Estar en comunicación permanente co servizo de Festas facilitándolle coa antelación necesaria a información para a difusión e divulgación do programa de actividades nos medios de comunicación do Concello (web, APP, 010, RRSS, etc.)



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

16º- Presentarlle ao Servizo de Festas a memoria de execución do programa de actividades e memoria económica conforme o estipulado no pacto sétimo.

17º- Calquera outra necesaria para o bo desenvolvemento do programa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

### **Quinto.- Obrigas do Concello**

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º. Conceder directamente á Asociación Amigos de la Historia de Bouzas, unha subvención por importe de 15.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao desenvolvemento da Festa da Brincadeira 2024 que se financiará con cargo aos créditos consignados no programa orzamentario da Concellería de Festas, na aplicación 3380.480.0004 (Brincadeira de Bouzas), do exercicio económico do 2024. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

2º- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

3º - Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.

4º- Prestar servizo de limpeza e recollida de lixo na zona da celebración do evento

5º- Solicitar a presenza dos servizos de Protección Civil e Policía Local naqueles lugares que sexa necesaria a criterio dos responsables dos anteditos corpos.

6º- Colaborar na promoción dos eventos cos distintos medios de comunicación e difusión municipais

7º- Autorizar o uso do dominio público constituído polos espazos das rúas públicas que ocupen os postos do mercado no ámbito territorial da festa que se indica no plano que se achega ao expediente, sen suxeición ás taxas establecidas polo Concello pola súa consideración da festa de "especial interese ou utilidade municipal".

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

### **Sexto.- Pagamento da subvención**

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

A Asociación comunicará ao Concello a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art. 11.d da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art. 17.3 da citada Lei)

O Concello xestionará o pagamento á Asociación polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme do Concelleiro – Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas.

O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES10.2080.5016.0030.4003.5126, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Non obstante a beneficiaria poderá solicitar o pago anticipado de hasta o 40% do importe total da subvención proposta, que será abonado á beneficiaria mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación da subvención, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. A estes efectos e conforme ao art. 42.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a Asociación de Amigos de la Historia de Bouzas queda exonerada da constitución de garantía, para a tramitación de dito pago, por ser unha entidade fundacional sen ánimo de lucro coa finalidade de promoción das festas locais.

De conformidade co art. 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público únicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

#### **Sétimo.- Xustificación da subvención**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a ASOCIACIÓN AMIGOS DE LA HISTORIA DE BOUZAS, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2023, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultaranse os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) Certificación expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e Axencia Tributaria de Galicia de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.
- b) Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

No caso de que a ENTIDADE se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015.

#### Gastos subvencionables

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio, quedando excluídos os custes indirectos imputables á actividade, os custes de funcionamento ordinario da entidade, os das atencións protocolarias e representativas e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e ben de natureza inventariable.

En ningún caso os custes de adquisición dos gastos subvencionables podera ser superior ao valor de mercado.

Non se subvencionarán gastos financeiros por riba do 1% do orzamento do programa o cal deberá ser aplicado polo centro xestor na análise da conta xustificativa.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### **Oitavo.- Difusión do carácter público do financiamento e das actividades do programa**

Calquera que sexa o medio de difusión, a Asociación adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente e expresamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando a tal fin o anagrama-logotipo de Concello ademais das lendas indicadas polo Servizo de Festas, en particular, no material gráfico editado, na páxina web nas presentacións públicas, actividades soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo con Concello.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello deberá acordarse con este a prelación e características de cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao Servizo de Turismo previamente ás impresións. Así mesmo, a Asociación entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende o Servizo de Turismo.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

A difusión aos medios de comunicación de información sobre as actividades programadas (rodas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos...) deberá estar previamente comunicada e acordada co Concello antes da súa divulgación pública.

A asociación comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que empregue a asociación para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese a Asociación ao emprego de imaxes non estereotipadas que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A Asociación facilitará ao servizo de Turismo, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, RRSS...).

En consecuencia co establecido na vixente ordenanza da Normalización Lingüística do Concello, a información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

### **Noveno.- Información**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello e Intervención Xeral, Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvencións.

**Décimo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

### **Décimo Primeiro.- Mecanismos de coordinación, seguimento da subvención e do convenio. Unidade Xestora.**

O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

### **Décimo segundo.- Vixencia**

O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2024 e non será prorrogábel.

### **Décimo terceiro.- Modificación, denuncia, extinción e resolución de controversias**

Calquera das partes asinantes poderá denunciar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de 15 días.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facilitará á outra para resolvelo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración consulta, pero non así as obrigas contraídas neste.

A Concelleira Delegada de Turismo e Xuventude queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

O convenio extínguese polo incumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse prórroga
- b) O acordo unánime dos asinantes
- c) A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) O incumprimento da calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se, transcorrido o prazo indicado no requirimento, persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar á indenización dos prexuízos causados se así se previse.

**Décimo cuarto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

#### **Décimo quinto- Protección de datos de carácter persoal**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento o Concelleiro de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

#### **Décimo sexto. Dereitos sobre a información e titularidade dos resultados**

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos e demais material obtido da realización das actividades programadas, será de titularidade e uso común do Concello e da Asociación. Os resultados quedarán para futuras edicións e ambas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

O Concello reservase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio, que, en todo caso, terán carácter público.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento da Asociación das partes asinantes do convenio.

### **Décimo sétimo.- Participación dos colaboradores da asociación**

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual o de calquera outra índole ente a Asociación e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

### **Décimo oitavo.- Destinatarios e participación**

A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto.

### **Décimo noveno.- Seguridade**

A Asociación deberá cumprir estritamente o Plan de Autoprotección contratado, controlando a afluencia de público aos diferentes espazos da festa e respectando os seus aforos. Así mesmo, velará por que todos os ocupantes dos postos do mercado tradicional cumpran co Plan de Autoprotección, debendo ter especial coidado na localización destes postos e nos espazos de evacuación que se recomenden en caso de emerxencia.

### **Vixésimo .-**

En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

### **Vixésimo primeiro.-**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e capítulo cuarto da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican.

**11(436).- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS OU CONGRESOS DE INTERESE TURÍSTICO NO ANO 2024. EXPTE. 8625/104.**

Visto o informe xurídico de data 05/06/2024 e o informe de fiscalización do 07/06/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/04/2024, asinado pola técnica de actividades turísticas e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co fin de aclarar o contido recollido na cláusula primeira “obxecto da subvención” e na cláusula quinta “Requisitos dos beneficiarios”, das bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a organización de eventos e congresos de interese turística no ano 2024. (expte. 8625/104), aprobadas en Xunta de goberno Local en data 19 de abril de 2024 e publicadas no BOPP en data 24 de abril de 2024, se emite o seguinte informe:

Primeiro.- A cláusula primeira, “Obxecto da subvención” das bases reguladoras da subvención para a organización de eventos ou congresos de interese turístico no ano 2024, establece que:

“O obxecto da subvención, a que se refiren as presentes bases, é contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo, durante o ano 2024.”

En base aos antecedentes do informe proposta a Xunta de Goberno Local, de data 18.03.2024, asinado pola técnica que subscribe, nos que se dispón:

“Vigo estase a converter nun referente turístico nacional. O turismo na cidade é unha das actividades económicas mais destacables xa que ten un gran compoñente de transversalidade por cando inflúe e depende ao mesmo tempo doutros sectores económicos, así como contribúe a preservación do noso medio natural, atractivos culturais, etnográficos, etc...”

O destino Vigo, debe consolidar o desenvolvemento de novos produtos e tipoloxías turísticas que permitan crecementos de mercados emisores e a desestacionalización da demanda, ademais de favorecer o gasto medio por turista. Incidir, por iso, na promoción de Vigo como destino fora da tempada alta co obxectivo de combater a estacionalidade, e facer un destino atractivo todo o ano, é de grande relevancia para o sector.

Concretamente o turismo MICE é un potente motor de desenvolvemento dos destinos turísticos e importante xerador de ingresos, emprego e de inversión.

O turismo de reunións, convencionalmente coñecido polas siglas inglesas MICE (Meetings, Incentives, Conferences & Exhibitions), manifestou un crecemento prolongado ao longo dos últimos anos, producindo evidentes impactos positivos nos destinos turísticos que conseguiron posicionarse neste segmento.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

A esta tipoloxía de turismo fóronlle atribuídas numerosas características positivas e beneficios para os destinos, non só dende unha perspectiva económica, senón tamén dende unha perspectiva que engloba a todos os ámbitos de maneira transversal: social, cultural, ambiental, innovación, tecnolóxico, etcétera. Entre outros beneficios destacan a súa capacidade para desestacionalizar a afluencia turística, o maior gasto medio dos participantes en comparación con outras tipoloxías de turismo, o papel do turista de negocios como prescriptor do destino, a contribución á promoción dos destinos turísticos, así como o seu efecto dinamizador da economía, potenciando a aparición e especialización de empresas nesta industria.

O obxectivo principal desta subvención consiste en reposicionar a cidade turisticamente onde prime a desestacionalización da afluencia turística para conseguir un turismo constante ao longo do ano.

Os obxectivos xerais desta subvención responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito turístico, destacando:

- Contribuír á desestacionalización turística co fin de xerar un interese turístico estable ao longo do ano.
- Optimización dos recursos para a dinamización do turismo.
- Concienciación do interese xeral do capital humano no ámbito turístico.
- Crear un tecido asociativo transversal da nosa cidade, en defensa dos intereses xerais da poboación local.
- A colaboración con axentes que desenvolven actividades transversais ao turismo co fin de xerar novos produtos turísticos que resulten atractivos para a mellora da afluencia turística á cidade.
- Diversificar a oferta turística mediante o apoio a actividades transversais ao turismo que xeren un atractivo turístico engadido
- Contribuír a xerar unha identidade turística de marca Vigo.

....”

Do exposto e do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Vigo 2024-2026 (expte 277-143), aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 08/03/2024 (punto 21 da acta da sesión), na liña estratéxica 5.8, se deduce que se trata unicamente de **eventos relacionados co sector MICE**.

Segundo.- En canto a cláusula quinta das mesmas bases, “Requisitos dos beneficiarios” que establece:

“1. Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas que desenvolvan o seu evento ou congreso na cidade de Vigo e contribúan a promoción turística da cidade, e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria...”

Cabe aclarar que se trata unicamente de persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas que desenvolvan o evento ou congreso, con ánimo de lucro.

En a base ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico, que aprrobe a modificación, para a aclaración das cláusulas citadas, co seguinte texto:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación das cláusulas primeira e quinta das “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a organización de eventos e congresos de interese turístico no ano 2024” (expte. 8625/104), que foron aprobadas pola Xunta de goberno Local en sesión ordinaria de data 19 de abril de 2024 e publicadas no BOPP en data 24 de abril de 2024.

A redacción modificada é a seguinte:

«PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto da subvención, a que se refiren as presentes bases, é contribuír á dinamización do sector turístico a través da realización eventos e congresos relacionados co sector MICE con interese turístico desenvolvidos en Vigo, que teñan entre os seus obxectivos a promoción turística, do destino Vigo, durante o ano 2024.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas as persoas físicas e xurídicas e as entidades legalmente constituídas que desenvolvan o seu evento ou congreso na cidade de Vigo, con ánimo de lucro, e contribúan a promoción turística da cidade, e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Os eventos e congresos de interese turístico deberán ter unha antigüidade mínima de dúas edicións.

3. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

4. Os solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das:

a) Obrigacións tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, así como de non ter débedas ou sancións de natureza tributaria municipal.

b) Obrigacións tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia mediante a presentación da certificación á que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

A estes efectos a solicitude deberá expresar o consentimento ou oposición para que o órgano instructor poida comprobar ou solicitar doutros órganos, administracións ou provedores de información, por medios electrónicos, a información sobre o cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto no artigo 22.4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou sobre outras circunstancias dos solicitantes ou das solicitudes que, de acordo coa convocatoria e a normativa aplicable, sexan pertinentes para a instrución do procedemento. En caso de oposición, o solicitante deberá achegar os certificados ou probas que para o efecto lle esixa a convocatoria.

Non obstante, as entidades que soliciten subvencións que non superen o importe de 3.000,00€ presentarán declaración responsable ao abeiro do artigo 24.4 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións que substituirá a certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo.»

**Segundo.-** Ordenar a publicación do texto íntegro das “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a organización de eventos e congresos de interese turística no ano 2024” modificadas e a convocatoria das mesmas no BOP de Pontevedra, na BDNS e nos medios esixidos pola normativa aplicable.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proxecto de convenio de colaboración co organismo autónomo municipal "Xerencia Municipal de Urbanismo" para a utilización compartida de listas de reserva de persoal interino e temporal. Expte. 44544/220.
- .- Nomeamento de dúas funcionarias de carreira diplomadas en traballo social (A2), pola quenda libre, 3ª fase OEP 2017-18-19. Expte. 44525/220.
- .- Nomeamento Interino de unha psicóloga, para o Centro Municipal de Información dos dereitos da muller (CIM). Expte. 44460/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**12(437).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL "XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO" PARA A UTILIZACIÓN COMPARTIDA DE LISTAS DE RESERVA DE PERSOAL INTERINO E TEMPORAL. EXPTE. 44544/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 11/06/2024 sométese a aprobación o informe-proposta do 10/06/2024 asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di:

## **1.-ANTECEDENTES, MOTIVACIÓN DE NECESIDADE E CARACTERÍSTICAS DO CONVENIO PROPOSTO**

### 1.1.- Antecedentes:

Por orde de incoación de data de sinatura electrónica 21.01.2024 procedeuse á incoación de expediente administrativo para a formalización de convenio de colaboración interadministrativa co organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo”, tendente ao establecemento dun sistema de uso compartido de listas de reserva, que permita a selección de personal interino ou temporal en forma eficiente, e sempre con plena observancia recíproca dos principios constitucionais e do marco normativo rector do acceso ao emprego público, evitando o recurso constante a procesos selectivos fóra dos propios das ofertas de emprego público tendentes á xeneración de listas en categorías profesionais con listas esgotadas, priorizando así a execución das sinaladas ofertas de emprego público, todo elo ao abeiro do disposto na normativa xeral e específica de aplicación.

Consta memoria xustificativa de data de sinatura electrónica 27.05.2024.

### 1.2.- Motivación da necesidade, oportunidade e obxecto do convenio:

A xustificación da procedencia e oportunidade de formalización do convenio referenciado baséase no feito de que, no desenvolvemento da función de recursos humanos por parte das Administracións Públicas -en derivación directa das competencias constitucional e legalmente atribuídas, e no exercicio das potestades públicas de planificación e autoorganización legalmente recoñecidas- a selección de persoal conforma un dos ámbitos esenciais de actuación. No caso das Entidades Locais, a normativa vixente en materia de réxime local e o propio Dereito do Emprego Público establecen a competencia das mesmas para a selección e nomeamento do seu persoal.

A actividade administrativa que debe ser desenvolva para a selección de persoal empregado público caracterízase pola súa intensidade, impactando de xeito notable nas estruturas organizativas internas asignadas á función de dirección e xestión de recursos humanos.

Na actualidade, a execución das previsións da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público -que establece a obriga de estabilización do emprego temporal na totalidade das Administracións Públicas nos prazos, termos e condicións do seu propio texto- e a insuficiencia de dotacións na estrutura interna existente para a xestión integral dos procesos de selección de persoal funcionario e laboral encadrados nas Ofertas de Emprego Público aprobadas xeran a necesidade de mellora na xestión técnica e administrativa da función de selección de persoal, en incremento da eficiencia e axilidade no servizo aos intereses xerais.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

A insuficiencia de dotacións na Área de Recursos Humanos e Formación consta documentada en informe da xefatura asinante de data 06/09/2023, no marco da elaboración do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais correspondentes ao presente exercicio 2024 (expediente nº 43.867-220) aprobados pola Corporación Municipal, en comparativa cos medios asignados á función de dirección e xestión de recursos humanos, xestión da formación e á prevención de riscos laborais en seis municipios do Estado sometidos ao réxime municipal de gran poboación e cun número de habitantes similar ao de Vigo (Las Palmas de Gran Canaria, Bilbao, Valladolid, Gijón, A Coruña e Granada).

Sen prexuízo delo, déixase constancia da xestión pública desenvolta cos medios existentes, que se concreta dende o ano 2021 -e trala difícil xestión durante as etapas pre, durante e post pandemia- no acadamento, entre outros, dos fitos de xestión seguintes:

- Execución completa das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016.
- Formalización de convenio de colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) no ano 2022 para a realización dos procesos selectivos de prazas pertencentes ao Corpo de Policía Local, actualmente executados.
- Execución en curso dos procesos de provisión definitiva da totalidade dos postos de traballo do Concello de Vigo.
- Aprobación da Relación de Postos de Traballo correspondente ao ano 2023 -incorporando o resultado do proceso de análise e valoración de postos de traballo e o novo modelo organizativo e funcional da Policía Local.
- Execución completa das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019.
- Aprobación e inicio das actuacións de execución (convocatoria e bases aprobadas e de inminente publicación) das Ofertas de Emprego Público 2020, 2021 e 2022.
- Aprobación da Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal no Concello de Vigo, integrada por 96 prazas, en convocatoria e actualmente en fase de execución, con data límite do 31 de decembro do 2024 (Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público)
- Aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2023.
- Aprobada a modificación dos criterios de xestión das listas de reserva de persoal interino e temporal para fomento do uso compartido das listas de reserva con outras Administracións Públicas a través da sinatura de convenios de colaboración.
- Aprobación inicial por acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de xuño do 2024 da Relación de Postos de Traballo 2024.

Dada a necesidade de enfoque prioritario do traballo do equipo humano asignado á Área de Recursos Humanos e Formación na provisión de prazas e postos de traballo en propiedade, estímase que a formalización dun instrumento convencional permitirá o efectivo e eficaz cumprimento dos obxectivos establecidos na actividade de planificación de recursos humanos, no relativo á execución en prazo das Ofertas de Emprego Público, evitando o recurso sistemático a procesos selectivos coa única finalidade de xenerar lista. Sendo o obxectivo primordial o de concentrar esforzos na provisión de prazas con carácter definitivo, xenerando estabilidade na plantilla local e no emprego público, o cal revirte na mellora das capacidades institucionais.

Conforma concreto obxecto do convenio de colaboración intraadministrativa o uso compartido das listas de reserva derivadas de procesos selectivos de carácter público, exceptuándose, en todo caso, as competencias relativas ao nomeamento como persoal funcionario en prácticas ou, no seu caso, como persoal funcionario de carreira, ou a contratación en réxime laboral das persoas aprobadas, que corresponderá ao Concello de Vigo.

Debe indicarse que existen experiencias prácticas desenvoltas no ámbito da planificación de recursos humanos nas entidades locais respecto do uso compartido de listas de reserva entre distintas Administracións Públicas, como é a iniciativa TALENTUM, liderada polo Ajuntament de Canet d'en Berenguer (Comunitat Valenciana) á cal se teñen acollido numerosas entidades locais do ámbito territorial indicado, permitindo unha xestión eficiente, áxil e xurídicamente segura do uso compartido de listas de reserva.

Respecto da viabilidade de utilización, no presente suposto, da figura do **convenio de colaboración** entre o Concello de Vigo e o seu organismo autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo", sinalase que éste efectuarase nos termos da regulación contemplada no art. 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXAP) que contempla que "son convenios los acuerdos con efectos jurídicos adoptados por las Administraciones Públicas, los organismos públicos y entidades de derecho público vinculados o dependientes o las Universidades públicas entre sí o con sujetos de derecho privado para un fin común" para regular no seu apartado 2, letra a) aqueles "firmados entre organismos públicos y entidades de derecho público vinculados o dependientes de una misma Administración Pública".

A formalización dos convenios pode ser abordada polas Administracións Públicas, polos seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, podendo suscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que elo poda supoñer cesión da titularidade da competencia (art. 48.1 LRXAP citada)

Igualmente, a suscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuir á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (art.48.3 LRXAP)

Ao respecto debe sinalarse que o recurso ao uso compartido das listas de reserva para a selección do persoal interino e temporal mellora xestión pública, en termos de eficiencia, na forma seguinte:





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

- permite a simplificación e a racionalización dos procesos para a súa materialización, facilitando a utilización de recursos compartidos (aplicacións informáticas e entornos dixitais, procedementos administrativos de xestión de recursos humanos con redución de tempos medios de tramitación e resolución; sistema unificado de notificacións) e xenerando a constante actualización das listas, en función da execución das respectivas ofertas de emprego público.
- facilita a utilización conxunta de medios, servizos e recursos públicos, reducindo o gasto en indemnizacións por asistencia aos órganos de selección; o gasto por utilización, limpeza e acondicionamento, ou incluso arrendamento, de instalacións onde se realizan as probas selectivas; o gasto en concepto de publicacións sistemáticas de anuncios de convocatorias en diarios e boletíns oficiais; evitando duplicar a realización sistemática de procesos selectivos en dúas entidades para o recrutamento de persoal temporal con idéntica categoría profesional.
- xenera utilidade pública e valor público, ao permitir a uniformidade de criterios para a selección de persoal interino e temporal en ambas entidades, así como a abordaxe de boas prácticas conxuntas en materia de recursos humanos dende a perspectiva da transparencia, da publicidade, da concorrencia competitiva en igualdade de condicións; e da integridade na función de selección do persoal, mellorando as capacidades institucionais e permitido a perspectiva estratéxica na planificación e xestión pública de recursos humanos.

Cobran especial relevancia neste ámbito o réxime da protección de datos e o seu tratamento, regulado nos arts. 6, 77 e Disposición Adicional 10 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD) que establece que *“podrán comunicar los datos personales que les sean solicitados por sujetos de derecho privado cuando cuenten con el consentimiento de los afectados”*, con idéntica razón a outras Administracións Públicas, sen prexuízo das especialidades previstas na mesma norma para concretos supostos.

Consonte ao art. 6.1 LOPD *“se entiende por consentimiento del afectado toda manifestación de voluntad libre, específica, informada e inequívoca por la que este acepta, ya sea mediante una declaración o una clara acción afirmativa, el tratamiento de datos personales que le conciernen”*, en forma tal que quede debidamente acreditado no expediente administrativo con anterioridade á efectiva comunicación a terceiros.

Consecuentemente, resulta necesaria a expresa previsión nas bases dos procesos selectivos e no propio modelo normalizado de solicitude de participación neles un apartado concreto no que expresamente a persoa aspirante consinte/non consinte a cesión dos seus datos contemplados na listade reserva, e a súa posición nela, a outras Administracións Públicas para poder ser seleccionada.

Ao convenio de colaboración que se formalice resulta posible a incorporación de listas de reserva preexistentes, sempre e cando se advirta expresa e formalmente ás persoas aspirantes que integran as mesmas da posibilidade de cesión a terceiras entidades, e as persoas aspirantes consintan expresamente cesión.

En garantía dos dereitos fundamentais das persoas integradas nas listas de reserva de persoal interino e/ou temporal do Concello de Vigo e da Xerencia Municipal de Urbanismo, ten sido solicitado informe respecto do proxecto de convenio ao Delegado de Protección de Datos do Concello de Vigo, que obra incorporado ao presente expediente como trámite 13.

Adicionalmente, indícase que o obxecto do convenio proposto atópase excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ao abeiro do establecido no artigo 6.1, non estando comprendido no ámbito de aplicación da dita lei, nin previsto como contrato na lexislación administrativa especial, formalizándose en servizo aos intereses xerais da cidadanía.

O prazo de vixencia do convenio de colaboración proposto será de catro anos, prorrogable por idéntico período de tempo, nos termos e condicións do establecido no proxecto de convenio.

## **2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

### 2.1.- Axuste do convenio proposto á normativa vixente

O convenio obxecto de expediente contén as especificacións esixidas nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, rexéndose ademais pola lexislación básica en materia de réxime local -Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; Real decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e normativa de concordante e procedente aplicación- e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado.

O expediente administrativo tramitado e o proxecto de convenio realizado xustifican a finalidade e conveniencia do mesmo, as competencias das partes que interveñen, a ausencia de obrigas económicas para a Administración Municipal, e as demais previsións esixidas pola Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

As estipulacións que o convenio incorpora estímense conformes ao ordenamento xurídico, ao interese público e á finalidade do mesmo normativamente contemplada no concreto ámbito da selección do persoal ao servizo das Entidades Locais.

O axuste do convenio ás previsións da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD) ten sido realizado nos termos e condicións determinadas no informe ao proxecto de convenio emitido polo Delegado de Protección de Datos do Concello de Vigo, referenciado anteriormente.

### 2.2.- Requisitos para a formalización do convenio de colaboración obxecto de expediente:

A formalización do convenio proposto require da previa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao abeiro do disposto no artigo 127.1 letra g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, que lle atribúe a competencia para a xestión do persoal, así como na letra h) que determina a competencia residual en materia de persoal do dito órgano



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

A sinatura do convenio de colaboración proposto corresponde á Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no exercicio das competencias que en materia de persoal ten delegadas pola Excma. Alcaldía segundo o vixente réxime de delegacións interorgánicas vixentes para o mandato 2023-2027 no Concello de Vigo.

Igualmente, deberá estar asinado polo órgano competente da Xerencia Municipal de Urbanismo, nos termos do establecido no acordo plenario de aprobación dos seus Estatutos rectores (BOPPO núm. 193, do mércores 6 de outubro do 2010); acordo que determina no seu art. 1. 2 que “para o cumprimento das súas finalidades, goza de personalidade xurídica pública propia, capacidade xurídica, con patrimonio e tesourería propios, así como autonomía de xestión”.

### 2.3 Obrigas en materia de transparencia

Consonte ao establecido no artigo 8.1, letra b) da Lei 19/2013, de 19 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se aprobe e conforme ao contemplado no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, dentro dos tres meses seguintes á sinatura do convenio, non procedendo á remisión ao Consello de Contas de Galicia ao carecer de impacto económico na Facenda Local do Concello de Vigo, a salvo de mellor criterio da Intervención Xeral Municipal.

### 2.4.- Negociación colectiva do uso compartido de listas de reserva de persoal interino e temporal con outras entidades públicas e Administracións Públicas

Consta documentado en expediente 44.286-220 o proceso de diálogo social desenvolvido cos sindicatos lexitimados para a negociación colectiva no Concello de Vigo, a efectos de determinar, como criterio xeral de planificación de recursos humanos, a posibilidade de uso compartido de listas de reserva de persoal interino e temporal con outras entidades e Administracións Públicas, en cumprimento das obrigas normativas contempladas no artigo 37.1, letra c) do TRLEBEP mencionado, ao ter os criterios de xestión das listas de reserva o carácter de instrumento de planificación de recursos humanos, carente de rango normativo nos termos e condicións determinados pola Sentenza 153/2023, do 6 de xuño, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no r.c-a p.a. 330/2022, confirmada en apelación por Sentenza 819/2023, do 14 de novembro, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (rec.núm. 338/2023).

Deste xeito, na Mesa Xeral de Negociación celebrada o pasado 07.05.2024 foi aprobada a proposta de modificación puntual dos punto VI dos criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo, a fin de determinar a nova redacción seguinte:

#### **“VI.- VALIDEZ DA LISTAS DE RESERVA**

*“As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo na execución das ofertas de emprego público, perdendo a súa vixencia coa finalización*

*de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.*

*No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os aspirantes os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase ás listas de reserva que podan estar dispoñibles e utilizables polo Concello de Vigo en base aos convenios de colaboración interadministrativa ou acordos análogos que se conclúan con outras Administracións e Entidades Públicas ao abeiro do disposto na normativa vixente.*

*Recurrirase, como última opción, á pública convocatoria para a selección de persoal interino, nos termos do marco legal vixente, no suposto de inexistencia de listas de reserva procedentes de oferta, en primeiro lugar; ou no suposto de inexistencia de listas de reserva de uso compartido con outras Administracións e Entidades Públicas consonte aos convenios e acordos de colaboración que se conclúan, en segundo lugar; debendo acreditarse técnicaamente, con carácter previo á resolución de inicio de convocatoria pública de selección, a eficiencia do recurso ao proceso selectivo, e a non interferencia do proceso a convocar no debido cumprimento dos prazos legais de execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.*

*As listas que resulten da nova pública convocatoria de selección de persoal serán incorporadas para o seu uso compartido con outras Administracións e Entidades Públicas nos termos do que se estableza nos convenios de colaboración interadministrativa ou acordos análogos rectores do sistema de uso compartido”.*

Constando na certificación do dito acordo que “tralo debate sométese a votación co seguinte resultado: a favor CSI-CSIF (1,3) UXT (1,00), CCOO (0,9) e CIG (0,8) en contra (ningún), abstención (ningunha).”

### **3.-SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA**

A aprobación do convenio de colaboración obxecto do expediente carece de impacto económico na Facenda Local do Concello de Vigo, segundo se ten exposto na memoria xustificativa emitida ao presente expediente, ao asumir a Xerencia Municipal de Urbanismo a totalidade dos gastos que conleve a organización dos seus propios procesos selectivos de carácter público, e percibindo, correlativamente, os ingresos derivados das taxas pola participación nos mesmos, consonte ao establecido nas correspondentes Ordenanzas Fiscais que resulten de aplicación.

Para a xestión compartida das listas de reserva utilizarase a aplicación informática corporativa do Concello de Vigo “OEP e Bolsas” ou análoga que a substitúa, habilitándose accesos individualizados ao persoal do Concello de Vigo e do organismo autónomo municipal que se designe por resolución administrativa ao efecto, na forma e nos termos que se determinen no convenio de colaboración, determinando a obriga do Servizo de Administración Electrónica da adaptación da aplicación existente ao contido do convenio, e



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

á habilitación de sistemas de adquisición das competencias dixitais necesarias para a efectiva utilización da aplicación informática ou entorno dixital de xestión correspondente.

Neste punto debe lémbirse a obrigada suxeición do persoal do Concello de Vigo e da Xerencia Municipal de Urbanismo que se asigne ao uso compartido das listas de reserva aos deberes, principios éticos e código de conducta contemplados nos arts. 52 a 54 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do Estatuto Básico do empregado público (TRLEBEP) así como ao Código de Conduta do Concello de Vigo, en atención ao carácter da información á cal terán acceso, debendo asinar obrigatoriamente un documento específico de confidencialidade respecto da información á cal teñan acceso e do uso de datos con carácter previo a calquera uso compartido de listas.

Sen prexuízo delo, remítese o expediente á Intervención Xeral Municipal con carácter previo á remisión do mesmo ao órgano municipal competente para a súa aprobación.

### 4.- PROPOSTA DE ACORDO

Visto o informe xurídico-proposta de acordo que antecede, e coa conformidade da Concellería-delegada de Recursos Humanos, Educación e Normalización Lingüística; e previa a emisión dos informes preceptivos que en Dereito procedan, sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a sinatura de convenio de colaboración interadministrativa co organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo” para a cesión recíproca e o uso compartido das listas de reserva de persoal interino e temporal, nos termos do proxecto de convenio de colaboración de data de sinatura dixital 10.06.2024 (trámite 19 do expediente electrónico nº 44.544-220) e consonte aos informes emitidos no mesmo, e por todo o tempo de vixencia do convenio proposto, nos termos do establecido na normativa vixente.

**Segundo.-** Habilitar á Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal para a sinatura do convenio de colaboración indicado no apartado primeiro do presente acordo, nos termos das competencias delegadas pola Excm. Alcaldía e Xunta de Goberno Local.

**Terceiro.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA CO ORGANISMO AUTÓNOMO MUNICIPAL “XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO” PARA A CESIÓN RECÍPROCA E O USO COMPARTIDO DE LISTAS DE RESERVA DE PERSOAL INTERINO E TEMPORAL DERIVADOS DE PROCESOS SELECTIVOS CON CONVOCATORIA PÚBLICA

Vigo, data segundo sinatura electrónica

REUNIDOS DUNHA PARTE,

D. Patricia Rodríguez Calviño, Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do Concello de Vigo por delegacións da Excma. Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño do 2023 e da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño do 2023, actuando en nome e representación deste en virtude das competencias recollidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; estando facultada para a sinatura deste convenio pola Xunta de Goberno Local de Vigo, segundo acordo adoptado na sesión de data.....,

DOUTRA,

D<sup>a</sup> María José Caride Estévez, Concelleira da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda do Concello de Vigo por delegacións da Excma. Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño do 2023 e da Xunta de Goberno Local de datas 22 de xuño do 2023 e 4 de xullo do 2023, actuando en nome e representación deste en virtude das competencias recollidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; estando facultada para a sinatura deste convenio polo Consello do organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo” segundo acordo adoptado na sesión de data.....,

Recoñecéndose ambas as dúas partes con capacidade e representación legal suficiente para o outorgamento deste convenio, EXPOÑEN:

I.- Que en atención ás previsións contempladas no art. 47.2, a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXP) coñecen que son convenios intradministrativos aqueles asinados entre organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes dunha mesma Administración Pública, coñecendo igualmente que a formalización dos convenios pode ser abordada polas Administracións Públicas, polos seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, podendo suscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que elo poda supoñer cesión da titularidade da competencia (art. 48.1 da LRXP citada)

II.- Que dentro do respectivo ámbito competencial, ambas entidades desexan cooperar activamente para o uso compartido de listas de reserva de persoal interino ou temporal que se deriven da execución de procesos selectivos con convocatoria pública, en mellora da eficiencia na xestión pública de recursos humanos, racionalizando o custe da selección, priorizando o enfoque na execución da cobertura definitiva de prazas en propiedade integrantes das ofertas de emprego público, e mellorando as capacidades institucionais do Concello de Vigo e da Xerencia Municipal de Urbanismo.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

Considérase que o recurso ao nomeamento de persoal interino e temporal ten carácter excepcional, determinado a regulación xurídica que o mesmo ten por obxecto e finalidade a de atender necesidades urxentes e inaprazables das áreas administrativas municipais e dos servizos e unidades encadrados nelas, a través da provisión temporal de prazas vacantes nas plantillas de cada entidade asinante, así como nos supostos de acumulación de tarefas debidamente motivados; para a substitución temporal das persoas empregadas públicas titulares daquelas; e para o desenvolvemento de actuacións limitadas no tempo incardinadas en programas de carácter temporal.

En determinación interna de parámetros obxectivos de xestión dos nomeamentos, o Concello de Vigo dispón dos correspondentes criterios de xestión das listas de reserva de persoal interino, cuxa primeira aprobación data do ano 2006, e que ao longo do tempo foron adaptados ás reformas normativas experimentadas dende entón, sendo a súa última actualización a acordada pola Xunta de Goberno Local en data 20 de maio do 2024 (BOPPO nº 101, do venres 24 de maio do 2024) tras a correspondente negociación colectiva.

III.- Que ambas entidades recoñécense mutuamente a idoneidade dos criterios de xestión mencionados no apartado anterior, e conforme aos principios que rexen as súas relacións interadministrativas, así como aos de eficacia e eficiencia, entenden a procedencia de poder compartir, en caso necesario, as listas de reserva existentes e as que se xeneren durante a vixencia do convenio, para o nomeamento de persoal interino ou temporal, sempre e cando non dispuxesen de lista de reserva propia para un determinado Corpo, Escala e especialidade funcional, ou para unha determinada categoría laboral, ou ben éstas estivesen esgotadas ou non houberse persoa aspirante en situación de dispoñibilidade, permitindo garantir, en todo caso, a cobertura interina daquelas urxentes e inaprazables necesidades de prestación de servizos.

III.- Que mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data....., o Concello de Vigo acordou aprobar o convenio de colaboración interadministrativa co organismo autónomo municipal "Xerencia Municipal de Urbanismo" para o uso compartido das listas de reserva de persoal interino e temporal resultantes de procesos selectivos de carácter público, por todo o tempo de vixencia do presente convenio.

Para instrumentar esta colaboración intraadministrativa, e de acordo co previsto na lexislación de réxime xurídico do sector público e de réxime local, ambas as dúas partes acordan as seguintes **CLÁUSULAS**:

### **PRIMEIRA: Obxecto.**

1. Este convenio ten por obxecto instrumentar o uso compartido de listas de reserva de persoal interino ou temporal que se deriven da execución de procesos selectivos con convocatoria pública, en mellora da eficiencia na xestión pública de recursos humanos, priorizando o enfoque na execución da cobertura definitiva de prazas en propiedade integrantes das ofertas de emprego público, racionalizando o custe da selección e mellorando as capacidades institucionais do Concello de Vigo e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

2. En virtude do presente convenio, ambas partes acordan compartir as listas de reserva de persoal interino e temporal resultantes de procesos de selección de persoal con convocatoria pública, segundo as necesidades de persoal que concorran en cada unha das entidades asinantes, as cales deberán ser comunicadas na forma e prazos establecidos no presente convenio e demais normativa de aplicación.

## **SEGUNDA: Obrigas das partes asinantes**

1. Ambas partes comprométense, dentro do prazo de quince días hábiles a contar dende a sinatura do presente convenio, a facilitarse respectivamente información das listas de reserva das que dispoñan e que se atopen vixentes nos distintos Corpos, Escalas e Especialidades funcionariais, así como nas distintas categorías de persoal laboral.

2. Por parte do Concello de Vigo, a información será facilitada pola Área de Recursos Humanos e Formación, polas persoas que se determinen no marco do reparto de traballo interno e no procedemento interno que se defina.

3. Por parte da Xerencia Municipal de Urbanismo a información será facilitada pola unidade organizativa xestora do persoal, polas persoas que se determinen no marco do reparto de traballo interno e no procedemento interno que se defina.

4. Ambas partes comprométense a manter actualizada a información durante todo o período temporal de vixencia do presente convenio, incorporando as novas listas de reserva que se podan constituír. A estes efectos, determínase que a xestión da información que se realice en virtude do presente instrumento deberá efectuarse consonte ás previsións da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, xunto coas demais disposicións normativas que resulten de aplicación.

5. De conformidade co establecido no artigo 5.4 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a información das referidas listas será publicada nas correspondentes sedes electrónicas e portais de transparencia, en forma clara, estruturada e entendible para as persoas interesadas, en formato preferiblemente reutilizable.

Ambas entidades comprométense ao debido mantemento dos mecanismos adecuados para facilitar a accesibilidade, a interoperabilidade, a calidade e a reutilización da información publicada, xunto coa súa identificación e localización.

## **TERCEIRA: Condicións do uso compartido das listas de reserva de persoal interno e temporal e determinación da orde de prelación**

1. O recurso ao uso compartido de listas de reserva realizarase unicamente ante unha situación de urxencia debidamente motivada que demande o nomeamento de persoal interino ou temporal, recorréndose tanto ás listas de reserva existentes e as que se xeneren durante a vixencia do convenio, sempre e cando na entidade que solicita a lista non dispuxese de lista de reserva propia para un determinado Corpo, Escala e especialidade funcional, ou para





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

unha determinada categoría laboral, ou ben éstas estivesen esgotadas ou non houberse persoa aspirante en situación de dispoñibilidade.

A finalidade é a de garantir, en todo caso, a cobertura interina daquelas urxentes e inaprazables necesidades de prestación de servizos, consonte ao establecido nos vixentes criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo para o nomeamento de persoal funcionario interino e persoal temporal, nos supostos previstos no artigo 10 do TRLEBEP ou norma equivalente que o substitúa.

2. A tales efectos, determínase a orde de prelación no uso compartido das listas de reserva, que deberá incorporarse á aplicación informática corporativa "OEP e Bolsas" existente no Concello de Vigo, cuxo uso se compartirá coa Xerencia Municipal de Urbanismo, para a xestión das listas de reserva consonte aos principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público.

A prelación será a que se contempla nos apartados seguintes:

a) serán prioritarias as listas de reserva integradas por persoas aspirantes que acrediten a superación da totalidade dos exercicios integrantes dun proceso selectivo de carácter público sen ter obtido praza.

b) no seguinte escalón inferior na orde de prioridade, e en caso de ausencia e/ou insuficiencia de persoas aspirantes en condicións de ser chamadas nas listas contempladas no apartado a) anterior, recorrerase ás listas de reserva integradas por persoas aspirantes que acrediten a superación da maior parte dos exercicios integrantes do proceso selectivo de carácter público sen ter obtido praza, en orde decrecente (ilustrativamente, en forma que terá preferencia a persoa aspirante con 3 exercicios aprobados fronte á persoa aspirante con 2 exercicios aprobados)

c) en terceiro lugar, e para o suposto de ausencia e/ou insuficiencia de persoas aspirantes en condicións de ser chamadas nas listas contempladas no apartado a) anterior e no apartado b) anterior (por esta orde) recorrerase ás listas de reserva integradas por persoas aspirantes que acrediten a superación de algún dos exercicios integrantes dun proceso selectivo de carácter público sen ter obtido praza.

d) en cuarto lugar, e para o suposto de ausencia e/ou insuficiencia de persoas aspirantes en condicións de ser chamadas nas listas contempladas nos apartados a), b) e c) anteriores (por esta orde) recorrerase ás listas de reserva integradas por persoas aspirantes que acrediten a superación dos procesos selectivos públicos convocados a través do concurso de méritos en convocatorias ordinarias de carácter público.

e) en quinto e último lugar, e para o suposto de ausencia e/ou insuficiencia de persoas aspirantes en condicións de ser chamadas nas listas contempladas nos apartados a), b), c) e d) anteriores (por esta orde) recorrerase ás listas de reserva integradas por persoas aspirantes que acrediten a superación dos procesos selectivos públicos de carácter extraordinario convocados no marco dos procesos de estabilización do emprego temporal no Concello de Vigo e no organismo autónomo muni-

pal “Xerencia Municipal de Urbanismo” sen ter obtido praza. Este último suposto debe ter carácter excepcional, dado o elevado grao de incerteza xurídica actual respecto dos procesos executados ao abeiro da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que aconsellan minimizar o recurso a esta última categoría de listas mentres non se conte con pronunciamento xudicial firme emanado do Tribunal Supremo, así como do propio Tribunal de Xustiza da Unión Europea, en aras á seguridade xurídica dos nomeamentos que, como persoal interino ou laboral temporal, se podan efectuar.

3. O uso compartido das listas de reserva preexistentes á sinatura do presente convenio requirirá que a entidade convocante do proceso selectivo público xerador daquelas recabe, con carácter previo á cesión da lista, o consentemento expreso das persoas que a integran, en garantía dos dereitos establecida na LOPD.

O cumprimento das obrigacións deste convenio axustarase ás esixencias derivadas da Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos Persoais e garantías de Dereitos Dixitais, no que corresponde o tratamento dos datos persoais, á confidencialidade da información e os resultados, aplicando as medidas de carácter técnico, administrativo, informático e organizativo que resulten necesarias para cumprir os requisitos legais e, en particular, garantindo a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

#### **CUARTA: Solicitudes de uso compartido de listas de reserva.**

1. As solicitudes de uso compartido das listas de reserva que realice o Concello de Vigo dirixiranse á Concellería da Área de Goberno competente en materia de urbanismo e responsable do organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo”, formalizándose a través dos documentos normalizados que ao efecto se establezan, incorporando a información necesaria para a súa análise e tramitación, debendo aportar, entre outros, os aspectos relacionados co vínculo xurídico do nomeamento que se necesita, as características e situación da praza a prover, do programa temporal concreto, do posto de traballo ou do contido funcional asignado polo efectivo a substituir.

2. As solicitudes de uso compartido das listas de reserva que realice o organismo autónomo municipal “Xerencia Municipal de Urbanismo” dirixiranse á Concellería da Área de Goberno competente en materia de recursos humanos no Concello de Vigo, formalizándose a través dos documentos normalizados que ao efecto se establezan, incorporando a información necesaria para a súa análise e tramitación, debendo aportar, entre outros, os aspectos relacionados co vínculo xurídico do nomeamento que se necesita, as características e situación da praza a prover, do programa temporal concreto, do posto de traballo ou do contido funcional asignado polo efectivo a substituir.

3. As solicitudes de uso compartido de listas de reserva tramitaranse unha vez se tivesen cuberto as necesidades de efectivos propias de cada entidade, garantíndose en todo caso a provisión e resposta ás situacións de inaprazable e urxente necesidade debidamente motivadas.

#### **QUINTA: Dereitos das persoas en lista de reserva**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

1. A entidade que realice o chamamento informará expresamente ás persoas aspirantes de que o mesmo se realiza en virtude do presente convenio, informándolles da aplicabilidade dos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de 20 de maio do 2024 (BOPPO nº 101, do venres 24 de maio do 2024)
2. O nomeamento ou contratación efectuados pola entidade solicitante non resultará impeditivo para que a persoa seleccionada poda ser chamada pola entidade titular da lista de reserva, cando por razón da orde da mesma, lle corresponda, determinándose que, nesta clase de supostos, a non aceptación dun chamamento non implicará a exclusión da persoa da lista de reserva.
3. O cese no vínculo xurídico de interinidade ou do vínculo contractual laboral da persoa nomeada, incluída a renuncia, tampouco poderá comportar a exclusión nin ningunha outra consecuencia xurídica desfavorable na lista de reserva de orixe.
4. As previsións dos apartados anteriores non resultarán aplicación no suposto de que as listas de reserva constituídas prevean expresamente o uso compartido con outras Administracións Públicas e se regule, para este concreto caso, o procedemento específico de chamamento e nomeamento e os dereitos das persoas aspirantes.
5. O vínculo xurídico da persoa nomeada establécese única e exclusivamente coa entidade que realice o nomeamento ou a contratación, sendo allea totalmente a tal vínculo xurídico e ao seu nacemento, pervivencia e extinción ou resolución a entidade titular da lista de reserva.
6. Na execución do presente convenio observaranse, en todo caso, as limitacións á incorporación de persoal funcionario interino ou laboral temporal contempladas na lexislación sobre orzamentos xerais do Estado e sostibilidade financeira que estean vixentes ou resulten de aplicación durante a vixencia do presente convenio.
7. As persoas en lista de reserva poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, portabilidade e análogos dos que sexan titulares mediante contacto co Concello de Vigo, na forma en que se indica na política de protección de datos, ou no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org), e coa Xerencia Municipal de Urbanismo.

A información adicional sobre protección de datos pode ser consultada na web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org))

### **SEXTA: Contido económico.**

1. O presente convenio carece de contido económico, sen que o mesmo xenere dereito nin obriga económica algunha para calquera das dúas partes respecto da outra.
2. Cada entidade asinante asumirá a totalidade do custe económico propio das xestións ordinarias derivadas do chamamento e nomeamento das persoas en lista de reserva.

### **SÉTIMA: Comisión de seguimento.**

1. Este convenio será administrado pola Comisión de Seguimento das listas de reserva contemplada nos vixentes criterios de xestión das listas do Concello de Vigo, aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de 20 de maio do 2024 (BOPPO nº 101, do venres 24 de maio do 2024); comisión á cal se incorporará unha persoa funcionaria de carreira do organismo autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo” designada por resolución administrativa da Concellería da Área de Urbanismo e Vivenda e que desempeñe responsabilidades profesionais no ámbito da xestión do persoal da entidade.

2. A comisión de seguimento, de acordo co establecido no artigo 49.1.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é o instrumento para o seguimento do presente convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, e exercera as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3 daquela.

3. Ambas entidades comprométense a resolver por mutuo acordo, no seo da comisión de seguimento, cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste convenio, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional correspondente para o coñecemento de todas as cuestións e litixios que puidesen xurdir.

### **OITAVA: Vixencia.**

1.- O presente convenio ten vixencia dende a data da súa sinatura ata un máximo de catro anos de duración.

2.- Con anterioridade á súa finalización, o convenio poderá ser prorrogado, previo acordo escrito das partes, ata completar un período adicional da mesma duración.

3.- A finalización da vixencia do convenio non afectará ao uso compartido das listas en procesos de selección de persoal interino ou temporal cuxa tramitación teña sido iniciada ao abeiro do mesmo e se atopase en curso de tramitación no momento da indicada resolución.

### **NOVENA: Causas de resolución.**

1. De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, son causas de resolución deste convenio:

a) A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito cun mes de antelación a data na que desexe a finalización do mesmo.

b) O incumprimento das cláusulas do mesmo.

c) O mutuo acordo das partes.

2. A resolución do convenio non afectará ao uso compartido das listas en procesos de selección de persoal interino ou temporal cuxa tramitación teña sido iniciada ao abeiro do mesmo e se atopase en curso de tramitación no momento da indicada resolución.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

### **DÉCIMA: Modificacións.**

As modificacións deste convenio formalizaranse mediante addenda, cos mesmos requisitos e condicións que se esixen para a aprobación do mesmo.

### **DÉCIMA PRIMEIRA: Publicidade.**

1. En cumprimento do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, o Concello de Vigo e o organismo autónomo municipal "Xerencia Municipal de Urbanismo" informarán nas páxinas webs oficiais respectivas da devandita subscripción, cos seguintes datos básicos:

- a) Identificación das partes que interveñen.
- b) Importe do financiamento.
- c) Data da sinatura.
- d) Finalidade.
- e) Período de vixencia.

2. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén, poidan ser publicados no Portal da Transparencia do Concello de Vigo.

### **DÉCIMA SEGUNDA: Natureza e réxime xurídico.**

1. Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no artigo 6.1 desta.

2. As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas pola comisión de seguimento prevista na cláusula sétima. De persistir as mesmas resolverán a Concellería da Área de Goberno con competencias en materia de urbanismo e vivenda e responsabilidade sobre o organismo autónomo municipal "Xerencia Municipal de Urbanismo" e a Concellería da Área de Goberno con competencias en materia de recursos humanos, no ámbito das respectivas competencias, poñendo fin á vía administrativa. Das ditas resolucións darase conta para toma de coñecemento ao Consello da Xerencia e á Xunta de Goberno Local.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asínase, por duplicado, no lugar e data arriba indicados.

**13(438).- NOMEAMENTO DE DÚAS FUNCIONARIAS DE CARREIRA DIPLOMADAS EN TRABALLO SOCIAL (A2), POLA QUENDA LIBRE, 3ª FASE OEP 2017-18-19. EXPTE. 44525/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 13/06/2024 sométese a aprobación o informe-proposta do 07/06/2024 asinado polo técnico de Administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di:

**ANTECEDENTES:**

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía tres prazas de Diplomado/a en Traballo Social, subgrupo A2, pola quenda libre, das cales 1 estaba reservada para persoas con diversidade funcional.

II.- Segundo a acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de Diplomado/a en Traballo Social, acordou por unanimidade en sesión de data 15/05/2024, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo as seguintes propostas:

**“PROPOSTA DE NOMEAMENTO:**

*«Propoñer os nomeamentos como funcionarias de carreira con cargo ás prazas vacante de **DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL (DTSL)**, enmarcadas no Grupo A de titulación; Subgrupo A2; Escala de Admón. especial; Subescala técnica, que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) 2017-2018-2019 do Concello de Vigo, as aspirantes, **Dª MARÍA ESTÉVEZ BAO (DNI \*\*\*6739\*\*)** e **Dª CRISTINA MARTÍNEZ IGLESIAS ( DNI \*\*\*3538\*\*)** que superaron todas as probas previstas neste proceso selectivo e obtiveron as cualificacións máis altas de todos/as os/as aspirantes presentados/as, obtendo un total de 31,33 e 28,90 puntos respectivamente.*

*Declarar deserta a praza de **DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL (DTSD)** enmarcada no Grupo A de titulación; Subgrupo A2; Escala de Admón. especial; Subescala técnica, que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) 2017-2018-2019 do Concello de Vigo por non superar as probas a única aspirante presentada polo turno DTSD.*

**PROPOSTA DE LISTA DE RESERVA:**

*A teor do disposto nas Bases, propoñer que as outras dez (10) persoas aspirantes que superaron todas as probas pero que non obtiveron praza pasen a formar parte dunha LISTA DE RESERVA, ordenada en función das respectivas puntuacións obtidas, para os efectos de poder seren eventualmente nomeadas como persoal interino, en función das necesidades do Servizo e de acordo cos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da exe-*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1693/1102

*cución das OEP e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo e a demais normativa aplicable.*

### LISTA DE RESERVA

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	1º EXERC.	2º EXERC.	3º EXERC.	4º EXERC.	5º EXERC.	PUNT. TOTAL
1	RIAL MARTÍNEZ	J.	***7775* *	8,50	6,50	9,3	1,60	2,00	27,90
2	GONZALEZ LAGO	L.	***6068* *	7,50	7,75	7,5	1,80	2,00	26,55
3	VAZQUEZ OTERO	E.	***9104* *	7,30	7,00	7,25	1,40	2,00	24,95
4	MARTINEZ FERNANDEZ	B.	***3412* *	8,10	6,75	7,25	0,60	2,00	24,70
5	BOUZON VILA	T.	***6279* *	7,50	7,00	6	1,60	2,00	24,10
6	ALONSO GONZALEZ	L.	***8161* *	6,60	6,25	6,75	1,00	2,00	22,60
7	VENTIN PICALLO	T.	***6034* *	7,20	5,50	5,25	1,20	2,00	21,15
8	DA COSTA FERNANDEZ	M. I.	***7744* *	6,30	5,00	6,25	1,00	2,00	20,55
9	PENAS MORALES	L.	***6338* *	6,10	5,75	5	1,60	2,00	20,45
10	ARAUJO MONTENEGRO	N.	***0545* *	6,00	5,00	6,25	0,80	2,00	20,05

(...)"

III. A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 16/05/2024.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal as persoas propostas, presentaron en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

En devandito informe, sinálase tamén a existencia dun erro no orde dos apelidos dunha das aspirantes propostas: na proposta de nomeamento consta como C. Martínez Iglesias cando debería ser C. Iglesias Martínez con DNI \*\*\*3538\*\*.

V.- Consta informe de verificación de datos de data 05/06/2024 no que se contempla a existencia de prazas vacantes de Diplomado/a en Traballo Social (posto 81) así como a cobertura interina dalgunha das prazas:

"(...)En Benestar Social (301), Posto 81- Diplomado/a Traballo socials, dotacións 5, 32, 33 e 37.- As dotacións 32 e 33 atópanse cubertas interinamente segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/11/2019 (expdte. 34987/220), por María Estévez Bao e Begoña Martínez Fernández con DNI \*\*\*6739\*\* e \*\*\*3412\*\* respectivamente, que tomaron posesión

o 02/12/2019 con cargo ás prazas vacantes de diplomado/a en traballo social correspondentes á oferta de emprego público do ano 2019, en tanto as dotacións 5 e 37 figuran vacantes en data de sinatura. (...)”

VI.-Toda vez que algunhas das prazas vacantes atópanse cubertas interinamente segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 29/11/2019 deberá procederse ao seu cese con data de efectos do día anterior á toma de posesión como funcionarios/as de carreira das persoas nomeadas con cargo á ditas prazas.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- **Normativa de aplicación.**- -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

